

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e un de xuño do ano dous mil trece, ás trece horas, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Rosendo Luis Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don Antonio Montero Fernández, don José Antonio Feijoo Alonso, don Emilio José Pazos Ojea, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto e don Eladio Mangana Núvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, DO DÍA 14 DE XUÑO DE 2013.**- Unha vez examinada a acta da sesión que tivo lugar o día catorce de xuño de dous mil trece, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, sen observacións.

**2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO OCIO SAUDABLE E O TERMALISMO NA PROVINCIA DE OURENSE, 2ª CONVOCATORIA DO ANO 2013.**- Tras a resolución, por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de xuño de 2013, da primeira convocatoria de concurso para a concesión de subvencións dirixidas ó fomento do ocio saudable e termalismo de Ourense, quedaron sen cubrir 1.032 prazas subvencionadas na modalidade de estancias balnearias e 99 na modalidade de tratamentos balnearios.

Polo exposto, considérase necesario proceder a realizar unha segunda convocatoria para o outorgamento das ditas prazas.

Unha vez vista a proposta de bases reguladoras elaborada, considerando que se axusta aos obxectivos establecidos por esta Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

**1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para o fomento do ocio saudable e o termalismo na provincia de Ourense, 2ª convocatoria do exercicio 2013, co seguinte contido:**

**Primeira. Obxecto e beneficiarios.**

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas ao fomento do ocio saudable das persoas maiores e do termalismo na provincia de Ourense.

En concreto, a través do procedemento regulado nas presentes bases a Deputación Provincial de Ourense concederá as seguintes dúas modalidades diferentes de subvencións:

a) Subvencións de estancias balnearias, cuxo obxecto será o financiamento de estancias dos beneficiarios nos establecementos balnearios da provincia de Ourense de 6 días (5 noites) en habitación dobre (incluíndo pensión completa con bebida, dez técnicas balnearias, revisión médica dos beneficiarios á súa chegada e programa de animación social).

b) Subvencións de tratamentos balnearios (sen estancia no establecemento) incluíndo o dereito ao uso de dez técnicas balnearias en quendas de cinco días consecutivos, e a realización dunha revisión médica do beneficiario no primeiro día da súa chegada ao establecemento.

As subvencións reguladas nesta convocatoria cinguen o seu obxecto aos servizos sinalados na presente base, entendéndose excluído calquera outro servizo adicional que poida ser prestado polos establecementos aos beneficiarios. En todo caso, este tipo de servizos adicionais só poderán ser prestados co consentimento dos afectados, sen que de ningunha maneira se lle poida impoñer aos beneficiarios a súa recepción.

Igualmente, quedan excluídos os servizos de transporte aos establecementos, polo que as persoas participantes realizarán o desprazamento de ida aos establecementos balnearios e de regreso aos seus domicilios polo seus propios medios.

Sen prexuízo da subvención da Deputación, os servizos de estancia e tratamiento balneario serán prestados polos establecementos aos usuarios co carácter de servizos privados, conforme ás condicións contractuais que rexen para este tipo de servizos conforme á normativa turística, civil e mercantil aplicable. A Deputación Provincial en ningún caso

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

será parte na relación contractual entre os beneficiarios e os establecementos.

2. Os establecementos balnearios onde se realizarán as estancias e tratamentos subvencionados son os seguintes:

- Balneario – Hotel Baños de Molgas.
- Gran Balneario do Carballiño.
- Balneario Arnoia Caldaria
- Balneario Laias Caldaria
- Balneario Lobios Caldaria.

Os titulares dos ditos establecementos terán a consideración de entidades colaboradoras da Deputación, ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei xeral de subvencións. Os seus dereitos e obrigas serán os establecidos no convenio entre a Deputación Provincial de Ourense e os establecementos balnearios da provincia regulador do estatuto de entidades colaboradoras dos ditos establecementos no marco do concurso para a concesión de subvencións para fomento do ocio saudable e o termalismo en Ourense, de data 2 de maio de 2013, cuxa aplicación á convocatoria regulada nestas bases se declara expresamente.

O incumprimento polas entidades colaboradoras das obrigas reguladas no convenio e nas presentes bases poderá dar lugar ao exercicio da potestade sancionadora por parte da Deputación, así como á exclusión da súa participación en convocatorias futuras deste tipo de subvencións.

3. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Ter cumplidos cando menos cincuenta anos de idade na data da formulación da solicitude.
- b) Estar empadroad o nalgún municipio da provincia de Ourense.
- c) Non padecer enfermidade nin alteración ou contraindicación médica que dificulte ou impida a normal convivencia nos establecementos balnearios.
- d) Ser persoa válida para as actividades da vida diaria.

Tamén poderán ser beneficiarios das subvencións as persoas que, aínda que non reúnan as condicións esixidas para ser solicitante, desexen aloxarse nos establecementos balnearios e/ou recibir os tratamentos como acompañante dunha persoa que reúna os

## **Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

requisitos sinalados nos apartados a), b), c) e d) anteriores. Neste caso, a súa participación terá que ser pedida de forma conxunta cun solicitante que cumpra os ditos requisitos e realizarse de forma simultánea.

### **Segunda. Número de prazas subvencionadas na presente convocatoria.**

1. Na presente convocatoria ofértanse 1032 subvencións na modalidade de estancias balnearias e 99 subvencións na modalidade de tratamentos balnearios, en ambos os dous casos para a realization de estancias ou recepción dos tratamentos, como máximo, ata o 30 de novembro de 2013.

O tipo de tratamiento que se oferta dependerá do balneario seleccionado, podendo ser modificado en función da revisión médica dos beneficiarios realizada á súa chegada ó establecemento.

Os prezos dos servizos de cada establecemento figuran na táboa anexa I das presentes bases.

A información detallada sobre as características dos establecementos e dos tratamientos ofertados e dos tratamientos estará dispoñible para consulta dos interesados, durante o prazo de formulación de solicitudes, no enderezo web seguinte: <http://termalismo.depourense.es>.

2. A resolución de concesión determinará os establecementos de destino nos que terá lugar o aloxamento ou prestación de servizos, de conformidade coa orde de prelación de preferencias formulada por los solicitantes e coa puntuación obtida por estes no concurso.

Os meses e quendas para a realization das estancias serán concretadas polos establecementos balnearios tras a publicación da resolución en atención ás preferencias expresadas polos solicitantes na súa solicitudes.

Os beneficiarios e os establecementos poderán modificar, mediante acordo escrito no que conste o consentimento expreso dos afectados, o establecemento onde terá lugar a prestación.

### **Terceira.- Dispoñibilidade orzamentaria. Contía das subvencións e prezos dos servizos.**

1. Para o financiamento das subvencións obxecto da convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 313.31/489.00 dos orzamentos da Deputación Provincial, ata un máximo de 53.085 euros

2. As subvencións concedidas terán os importes seguintes:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

- a) 50 euros por cada praza na modalidade de estancia balnearia.
- b) 15 euros por cada praza na modalidade de tratamiento balneario sen estancia.
- 3. As ditas subvencións aplicánselle ao prezo dos servizos ofertado polos establecementos para os beneficiarios das subvencións. Os ditos prezos son os seguintes:

Balneario – Hotel Baños de Molgas: 220 euros por estancia balnearia (170 euros para pagar por beneficiario). 75 euros por tratamiento balneario sen estancia (60 euros para pagar por beneficiario).

- Gran Balneario do Carballiño: 220 euros por estancia balnearia(170 euros para pagar por beneficiario). 75 euros por tratamiento balneario sen estancia (60 euros para pagar por beneficiario).
- Balneario Arnoia Caldaria: 240 euros por estancia balnearia (190 euros para pagar por beneficiario). Non se ofertan tratamentos sen estancia.
- Balneario Laias Caldaria: 250 euros por estancia balnearia (200 euros para pagar por beneficiario). Non se ofertan tratamentos sen estancia.
- Balneario Lobios Caldaria: 250 euros por estancia balnearia (200 euros para pagar por beneficiario). Non se ofertan tratamentos sen estancia

Os prezos sinalados son prezos finais, incluíndo o IVE actualmente vixente. Non obstante o anterior, se no momento da facturación dos servizos correspondentes se modifícase o IVE aplicable, o aumento ou redución do imposto repercutirase no beneficiario, incrementando ou reducindo a contía para pagar na cantidade que proceda.

Os prezos sinalados son pechados para todos os servizos incluídos en cada praza, sen que exista a posibilidade de efectuar dedución ningunha se por calquera causa a persoa participante non emprega todos ou algúns dos servizos ofertados.

4. A subvención da Deputación librarase directamente aos establecementos termais colaboradores, tras a presentación previa ante a Deputación das facturas xustificativas correspondentes.

**Cuarta.- Forma de pago dos servizos subvencionados por parte dos beneficiarios.**

- 1. Os beneficiarios aboarán o prezo das prazas da forma seguinte:
- Con antelación á entrada nas instalacións balnearias e segundo as datas que se lle comuniquen no escrito onde se lles notifique a concesión da praza aboarán 50 € en

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

concepto de xestión de reserva de praza. O pago realizaráselle ao establecemento balneario.

- A cantidade restante ata completar o custo total da praza aboáráselles directamente aos establecementos balnearios no momento da chegada a eles, facéndoselles entrega da factura correspondente se así o solicitan.

O incumprimento da obriga de pago dos prezos por parte dos usuarios dará lugar á inadmisión no establecemento, así como á perda do derecho á subvención, que será declarada pola Presidencia, unha vez comunicada esta circunstancia polo establecemento á Deputación, e notificada ao interesado.

2. En caso de renuncia á praza adxudicada non se reintegrarán os gastos de xestión de reserva de praza.

3. Os usuarios poderán solicitar unha habitación individual, así como calquera outro servizo adicional ofertado polo establecemento. Estes servizos non serán obxecto de subvención, e serán aboados exclusivamente polo beneficiario que os solicite.

**Quinta. Solicitudes. Prazo, modo e lugar de presentación de documentación esixible.**

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia ata, como máximo, o 30 de setembro de 2013.

As solicitudes que se presenten entre o día seguinte ao da publicación e ata o 15 de xullo de 2013 incluído, entrarán nunha primeira valoración e serán remitidas á comisión para efectuar proposta de resolución. O número de prazas que se poderá adxudicar nesta resolución non poderá ser superior ao 50% da totalidade das prazas ofertadas. Aquelas solicitudes que non obtiveran praza por superar o límite do 50% serán tidas en conta na seguinte resolución, entrando novamente en concorrencia coas solicitudes que se presentaran desde o 16 de xullo e ata o 6 de setembro.

As solicitudes que se presenten entre o día 16 de xullo de 2013 e ata o día 6 de setembro de 2013, entrarán nunha segunda valoración e serán remitidas á comisión para efectuar proposta de resolución. O número de prazas que se podrá adxudicar (que será o resultado de restarlle ao número de prazas inicial as xa concedidas na primeira resolución), non superará o 70% das prazas dispoñibles logo de restar da totalidade ofertada inicialmente aquelas xa adxudicadas na resolución descrita no parágrafo anterior. Aquelas solicitudes que non obtiveran praza por superar o límite do 70%, serán tidas novamente en conta na

## **Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

resolución seguinte, entrando en concorrencia coas solicitudes presentadas desde o 7 de setembro en adiante.

As solicitudes que se presenten entre o día 7 de setembro de 2013 e ata o día 30 de setembro de 2013 entrarán na terceira e última valoración e serán remitidas á comisión para efectuar proposta de resolución. O número de prazas ofertadas será o resultado de restarlle á totalidade de prazas inicialmente ofertadas aquelas xa adxudicadas nas resolucións descritas nos parágrafos 2 e 3.

2. As solicitudes deberanse tramitar telematicamente a través do endereço web <http://termalismo.depourense.es>, rexistrándose no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Ourense. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obligatorio, ao abeiro do establecido no artigo 27.6 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, por estar plenamente garantido o acceso e disponibilidade dos medios tecnolóxicos precisos conforme co establecido no parágrafo seguinte, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

3. A solicitude telemática poderá levarse a cabo por calquera dos seguintes modos:

- a) Polo propio solicitante, ou o seu representante, en ambos os dous casos empregando o DNI electrónico da persoa que formula a solicitude.
- b) Por funcionarios da Área de Benestar da Deputación, autorizados polo solicitante para realizar a solicitude no seu nome, ao abeiro do establecido no artigo 4.4 da Ordenanza reguladora do acceso electrónico dos cidadáns aos servizos provinciais.

4. Na solicitude, conforme co modelo normalizado que se estableza, o solicitante formulará unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos na presente convocatoria.

Opcionalmente, na solicitude, o interesado poderá autorizar á Deputación a enviarlle a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación da publicación do acordo de resolución do concurso. No caso de non incluírse esta autorización na solicitude, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa ao acordo de resolución do concurso, publicándose a información correspondente exclusivamente a través do endereço web <http://termalismo.depourense.es> e do taboleiro de anuncios da Deputación, conforme co sinalado na base.

## **Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

5. Coa solicitude deberá achegarse documento de autorización para que a Deputación de Ourense solicite os seus datos fiscais á administración tributaria para os efectos de cálculo da capacidade económica. Este documento cubrirase no modelo subministrado pola propia aplicación, podendo ser asinado electronicamente polo propio solicitante ou ben ser impreso e asinado por escrito, procedéndose logo ao seu escaneado e compulsa electrónica por funcionarios da Deputación.

Non obstante o anterior, se os solicitantes non desexan achegar esta autorización, a solicitude admitirase igualmente a trámite, coa particularidade de que non se procederá á valoración da súa capacidade económica, asignándose 0 puntos neste apartado.

6. Unha vez completado correctamente o proceso, xerarase o documento acreditativo da solicitude rexistrada de forma telemática, do que se lle fará entrega ao interesado. As solicitudes que completen o proceso entenderanse automaticamente admitidas a trámite, quedando non obstante condicionadas á presentación, por parte dos beneficiarios da subvención, da documentación que se indica a continuación, que deberá achegarse no prazo de dez días hábiles desde a publicación da resolución de concesión:

- Copia do DNI do solicitante e, se é o caso, do acompañante.
- Certificado ou volante de empadroamento do solicitante principal, referido á data da solicitude.
- Copia do DNI do representante e da autorización do representado para a formulación da solicitude.

No caso de non achegarse esta documentación no prazo indicado, ou cando do seu contido se deduza que o beneficiario carece dalgún dos requisitos esixidos nas presentes bases, producirase a perda do dereito ás subvencións, que será declarado pola Presidencia, procedéndose na mesma resolución á concesión de subvencións con cargo aos remanentes producidos aos solicitantes que quedasen en lista de espera.

7. En caso de dúvida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, os interesados poderán dirixirse á Área de Benestar da Deputación Provincial que lle prestará a asistencia precisa aos interesados, en horario de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres. Esta posibilidade estará dispoñible ata as 14.00 horas do último día hábil do prazo de solicitude.

### **Sexta.- Criterios de valoración de solicitudes.**

A valoración das solicitudes, tanto as referidas a subvencións para estancias balnearias

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

como a subvencións para tratamentos balnearios realizarase mediante a aplicación dos seguintes criterios:

1. Capacidade económica.
2. Idade do solicitante.

Capacidade económica dos participantes: Puntuación máxima: 75 puntos. Valorarase a capacidade económica do solicitante. No caso de que a solicitude fose tramitada convxuntamente cun acompañante, a capacidade económica que se terá en consideración será a media que resulte logo de calcular a capacidade de cada un deles de forma individual. A capacidade económica, calculada segundo os datos do último exercicio fiscal disponible, puntuarse da forma seguinte: calcularase en atención á renda, atendendo aos ingresos brutos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais, conforme a táboa seguinte:

<b>Tramos de ingresos en euros</b>	<b>Puntuación</b>
Ata 10.388 €.....	75
Desde 10.388,01 ata 12.600 €.....	65
Desde 12.600,01 € a 14.700,00 €.....	55
Desde 14.700,01 a 16.800,00 €.....	45
Desde 16.800,01 a 18.900,00 €.....	35
Desde 18.900,01 a 21.000,00 €.....	25
Desde 21.000,01 a 23.100,00 € .....	15
Desde 23.100,01 a 25.200,00 €.....	5
Máis de 25.200,01 € .....	0

Idade: Puntuación máxima: 25 puntos. Valorarase a idade da persoa solicitante. Nesta valoración engadirase un punto máis por cada ano que supere os 50 anos de idade ata un máximo de 25 puntos. A referencia para a valoración será a idade da persoa solicitante en data 31 de decembro do ano en que se curse a solicitude.

**Sétima.- Comisión de valoración.**

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o presidente da Deputación Provincial ou deputado en quen delegue.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

Vogais: o secretario xeral da Deputación, a interventora da Deputación, o director da Área de Benestar e un técnico da Área de Benestar designado pola Presidencia ou funcionarios que legalmente os substitúan.

Secretaria: corresponderá á funcionaria adxunta á Dirección da Área de Benestar, con voz e sen voto e as funcíons propias dun secretario de actas.

**Oitava.- Proposta de resolución. Resolución.**

1. As solicitudes admitidas a trámite serán remitidas á comisión, que procederá a efectuar a(s) proposta(s) de resolución, conforme cos criterios sinalados na base 6º.

2. As propostas da comisión de valoración elevaráselles á Xunta de Goberno da Deputación, que adoptará os acordos de resolución no prazo máximo de quince días naturais desde o remate dos prazos recollidos na base quinta punto 1). A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

As resolucións axustaranse á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos en que a Xunta de Goberno considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nestas bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso solicitaralle á comisión, tras os informe previos que considere oportunos, a formulación dunha nova proposta axustada ás bases e á normativa de aplicación. A comisión deberá formular esta nova proposta no prazo de cinco días. No caso de non o facer así, a Xunta de Goberno resolverá conforme coa proposta inicial, introducindo as modificacións precisas para garantir o cumprimento do establecido nas bases e na lexislación vixente.

A resolución terá o seguinte contido:

- Nome das persoas ás que se lles concede a praza.
- Balneario no que se desenvolverá o programa. O mes e quenda concreta da estancia ou tratamento será establecidos polo establecemento, tras a consulta previa cos interesados.
- Modalidade de subvención concedida.
- Lista ordenada de reserva de posibles suplentes para o caso de renuncia, baixa ou participación na segunda e/ou terceira resolución desta convocatoria.

3. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución non será obxecto de notificación individual aos interesados, procedéndose á súa publicación no

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

enderezo web <http://termalismo.depourense.es> e no taboleiro de anuncios da Deputación.

4. No prazo de dez días hábiles contados a partir da publicación da resolución, o solicitante/o e acompañante terán que aboarlle ao establecemento elixido a contía prevista de xestión por reserva de praza e presentar ante a Deputación a documentación referida no apartado 6 da base 5ª. O incumprimento de calquera destas obrigas dará lugar á perda do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia, e notificada ao interesado.

Neste caso, a Presidencia procederá a adxudicarlles a praza aos solicitantes que figuran na lista de suplentes.

**Novena.- Normativa de aplicación.**

No non disposto nas presentes bases, será de aplicación o establecido na vixente lexislación reguladora das subvencións provinciais.

**ANEXO**

BALNEARIO	PROGRAMA	PRAZAS	PREZO
			Inclúe o cofinaciamento da Deputación
BALNEARIO ARNOIA CALDARIA	Estancia balnearia	340	190,00 €
	Tratamento balneario		
BALNEARIO - HOTEL DE BAÑOS DE MOLGAS	Estancia balnearia	263	170,00 €
	Tratamento balneario	56	60,00 €
GRAN BALNEARIO DO CARBALLIÑO	Estancia balnearia	250	170,00 €
	Tratamento balneario	100	60,00 €
BALNEARIO LAIAS CALDARIA	Estancia balnearia	250	200,00 €
	Tratamento balneario		
BALNEARIO LOBIOS CALDARIA	Estancia balnearia	250	200,00 €
	Tratamento balneario		

**2º) Ordenar que se proceda á convocatoria das subvencións mediante a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.**

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

**3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS PARA O PLAN DE COMPETITIVIDADE TURÍSTICA DAS COMARCAS DE MONTERREI E CONSO-FRIEIRAS.**

**E CONSO-FRIEIRAS.**- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente nº 1/2013 de modificación dos créditos orzamentarios e das bases de execución do orzamento do exercicio 2013 mediante suplementos de crédito e concesión de créditos extraordinarios. Na modificación do apartado b) da Base 87<sup>a</sup> das de execución, figura, con carácter nominativo, para a súa concesión directa de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 19.255,67 euros a favor Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, para a anualidade 2012, con cargo á aplicación orzamentaria 432.11/766.00.

Unha vez vista a solicitude formulada polo presidente da citada asociación, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a favor da Asociación de Municipios para o Plan de Competitividade Turística das Comarcas de Monterrei e Conso-Frieiras, nos seguintes termos:

**-Importe:** 19.255,67 €.

**-Obxecto:** anualidade 2012.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que disponen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seranlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

**-Prazo de xustificación:** ata o 30 de setembro de 2013.

**4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA PEROXA.**- No Pleno de data 26 de abril de 2013 acordouse aproba-lo expediente Nº 1/2013 de modificación das bases de execución do orzamento, que afecta ó apartado B) da Base 87<sup>a</sup>, no que se refire á

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

especificación dos capítulos IV e VII de gastos, engadindo para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 20.000,00 euros a favor do Concello da Peroxa, para obras de adecuación nas instalacións do campo de fútbol da Peroxa, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado polo Negociado de Subvencións Directas da Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello da Peroxa, nos seguintes termos:

**-Importe:** 20.000,00 €.

**-Obxecto:** obras de adecuación nas instalacións do campo de fútbol da Peroxa.

**-Xustificación:** a subvención xustificarse mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e os artigos 73 e 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán as facturas orixinais ou os correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Unha vez seladas, as facturas orixinais seránlle devoltas ó beneficiario da subvención concedida.

**-Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2013.

**5.- CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE MUÍÑOS PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE XESTIÓN DE LECTURA, FACTURACIÓN E COBRO DA TAXA POLO SERVIZO DE ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE NO EXERCICIO 2013 E SEGUINTES.**

Unha vez vista a proposta de convenio de cooperación elaborado pola Secretaría Xeral e a Área de Augas e Medio Ambiente a petición do Concello de Muíños, visto, igualmente, o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, que tivo lugar o 20 de xuño de 2013, para a subscrición do referido convenio, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

**1º.- Aproba-lo convenio conforme coas seguintes cláusulas:**

**Primeira.- Obxecto.**

Constitúe o obxecto do presente convenio a regulación da prestación de asistencia técnica ao concello de Muíños para a realización das lecturas de consumo, facturación e cobro en período voluntario das taxas do servizo de abastecemento de auga.

**Segunda.- Contido do servizo de asistencia.**

1. En virtude do presente convenio, a Deputación Provincial de Ourense realizará, a favor do Concello de Muíños, as seguintes prestacións:

a) Planificación, filtrado e lecturas do servizo municipal de augas, tres veces ao ano (nos meses de xuño, agosto e outubro), abrangendo as seguintes prestacións:

- Elaboración do padrón de lectura de consumos.
- Introdución de datos de lectura nunha aplicación informática.
- Elaboración de ordes de revisións de lecturas, cando proceda.
- Filtrado, depuración e verificación de lecturas.

b) Facturación e cobro bancario de recibos das taxas do servizo de abastecemento de auga, tres veces ao ano (concordante cos períodos de lectura), abrangendo as seguintes prestacións:

- Elaboración material de recibos.
- Elaboración e verificación do padrón de facturación.
- Remesa bancaria.
- Elaboración e envío de facturas a usuarios.

Nos recibos correspondentes ás taxas municipais por abastecemento de auga incluirase tamén o canon de auga repercutido pola administración da Comunidade Autónoma, no caso de ser procedente a inclusión deste tributo.

As prestacións realizadas abranguerán as lecturas, facturación e cobro das taxas devindicadas nos exercicios nos que estea vixente o presente convenio.

2. A Deputación realizará as prestacións comprendidas no apartado 1 mediante xestión indirecta, correspondéndolle a súa execución material á sociedade mercantil Aquaourense Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, concesionaria do servizo provincial de cooperación e asistencia en materia de augas.

3. A execución das prestacións obxecto do convenio será supervisada polo Servizo

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

de Augas e Medio Ambiente da Deputación Provincial, que lle cursará á empresa concesionaria as instrucións oportunas e fiscalizará o seu cumprimento. Para a determinación concreta do modo de execución das prestacións e o establecemento das especificacións técnicas precisas, o Servizo de Augas e Medio Ambiente realizará as oportunas consultas previas ao Concello. Para estes efectos, o Concello, mediante resolución da Alcaldía, designará un interlocutor único coa Deputación, a través do que se realizarán todas as consultas e comunicacións ordinarias entre a Deputación e o Concello relativas á execución do presente convenio. Pola súa banda, a Deputación actuará a través do xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente, ou funcionario que legalmente o substitúa.

4. O Concello comprométese a facilitarlle á Deputación toda a información precisa para asegurar unha correcta realización das prestacións obxecto do convenio.

**Terceira.- Prezo do servizo.**

Como contraprestación polos servizos prestados, o Concello aboaralle á Deputación Provincial, en concepto de prezo público anual, as seguintes cantidades:

- a) Lectura: 3,18 €/abonado e ano
- b) Facturación e cobro: 5,82 €/abonado e ano

No dito importe non se inclúe o IVE.

O prezo público sinalado establecése a través do presente convenio de conformidade co establecido na Ordenanza reguladora dos prezos públicos do servizo provincial de asistencia e cooperación ás entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico.

O prezo público indicado actualizarase automaticamente cada 1 de xaneiro, mediante a aplicación do IPC.

A Deputación Provincial emitiralle e comunicaralle ao Concello a correspondente liquidación anual polos servizos, obligándose o Concello ao seu aboamento no prazo máximo de noventa días naturais desde a súa presentación ao cobro.

No suposto en que se presten servizos por períodos inferiores a un ano, liquidaranse na parte proporcional que corresponda.

**Cuarta.- Duración do convenio.**

O presente convenio terá vixencia a partir do 1 de xullo de 2013, con carácter indefinido.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

**Quinta.- Comisión de seguimento.**

1. Establécese unha comisión de seguimento do convenio, integrada polos seguintes membros:

- a) En representación da Deputación Provincial:
  - O xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- b) En representación do Concello:
  - O alcalde ou persoa designada como interlocutor da Deputación neste convenio.

As funcións de secretaría da comisión de seguimento corresponderán ao secretario xeral da Deputación.

3. Son funcións da comisión as de coñecer as incidencias que poidan xurdir na execución do convenio, adoptando acordos para a súa resolución por consenso entre as partes.

4. En defecto de acordo entre as partes, corresponderá á Presidencia da Deputación Provincial a resolución, con carácter executivo, das incidencias, sen prexuízo da posibilidade de resolución do convenio conforme co sinalado na cláusula seguinte.

**Sexta.- Resolución do convenio.**

1. Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) Por mutuo acordo entre as partes.
- b) Por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Para a aplicación desta causa de resolución, a entidade interesada en resolver lo convenio porá en coñecemento da outra parte a súa vontade de proceder a resolvelo, indicando o motivo e concedendo un prazo de dez días hábiles para a formulación de alegacións. Unha vez concluído o dito prazo, a entidade interesada acordará a resolución ou, se é o caso, desistirá desta. O dito acordo poderá ser obxecto dos recursos legalmente previstos, sen prexuízo da súa executividade.
- c) Por denuncia unilateral por parte do Concello. Para a efectividade desta facultade do Concello, esta deberá comunicar a súa decisión de resolver o convenio cunha antelación mínima de tres meses con respecto á data da súa efectividade.

**Acta da Xunta de Goberno correspondente ó día 21 de xuño de 2013**

2. Unha vez resolto o convenio, este entrará en liquidación, que formulará a Deputación Provincial, tras a audiencia previa do Concello, e na que se incluirán os danos e perdas ocasionados polo incumprimento de obrigas convencionais, de ser o caso.

**Sétima.- Réxime xurídico.**

O presente convenio terá natureza administrativa, considerándose excluído do ámbito da Lei de contratos do sector público de conformidade co establecido no artigo 4.1.c) da dita lei.

A súa revisión en vía xudicial, así como a dos actos e acordos ditados na súa execución ou derivados deste, corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso administrativa.

**2º.- Comunicarlle este acordo ó Concello de Muíños, para os efectos oportunos.**

**3º.- Ordena-la publicación do presente convenio no BOP, unha vez conste a súa aprobación polo Concello de Muíños.**

**6.- RESOLUCIÓN DA SEGUNDA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS INTERNACIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, NO MARCO DO PROGRAMA EUROPEO LEONARDO DA VINCI PARA O ANO 2013, (BOP N.º 109, DO 19 DE MAIO DE 2013).**

